


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

4-5 de xuño do 2022

FESTA DE PENTECOSTE



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 ou 82 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Pentecoste é a festa do Espírito que celebramos hoxe, cincuenta días despois da Vixilia da Pascua. Xesús cumpre a palabra que nos dixo de “Voume para enviavos o Espírito Santo”.

Estamos pois nun novo tempo na historia da Salvación: despois do Deus-Pai e creador de todo, despois do Deus-Fillo-Xesús persoa coma nós, agora é o tempo do Deus-Espírito que alenta na Igrexa comunidade de crentes.

Ese Espírito-Amor empúxanos para sermos a comunidade que imita a Xesús levando a todas as persoas o evanxeo do Deus que nos ama.

Para dar vida a esta comunidade todas as sans son boas e necesarias, tamén as nosas.

Sigamos medrando en Os Cotos facendo unha igrexa viva, aberta e participativa na acción do Espírito como fixeron os apóstolos. Sexamos crentes sen medos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Recoñecemos agora que na nosa vida atopamos atrancos e medos que non nos deixan camiñar e pesan no noso corazón. Para poder ser vida de Pascua temos que pedir perdón recoñecendo que non sempre somos cribles:*

Monitor/a

- Pedimos perdón polas veces que os medos nos levan a calar e a mirar para outro lado. Señor, énchenos do teu Espírito
- Pedimos perdón polas veces que facemos da fe un camiño de costumes e rutinas, afogando o Espírito. Cristo, énchenos do teu Espírito
- Pedimos perdón polas veces que nas palabras dicimos unha cousa, pero no corazón e no Espírito facemos outra ben diferente, e acabamos por non ser cribles. Señor, énchenos do teu Espírito

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o Señor o perdón dos pecados, a todos nos abra os ollos á súa Pascua e a todos por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e necesitados de paz, lembrándonos de Andrés, e coa satisfacción de saber que se conta e se pode contar coas nosas mans.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, no misterio desta festa de Pentecoste santificas a toda a túa Igrexa no medio das nacións. Estende os dons do teu Espírito dun cabo ao outro da terra e realiza tamén hoxe nos corazóns dos teus fieis a milagre que o teu amor obrou nos comezos mesmos de vida da Igrexa, por Cristo, Noso Señor. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O libro dos Feitos dos Apóstolos cóntanos como foi recibido o don do Espírito o día de Pentecoste naquela primeira comunidade dos seguidores de Xesús. Cheos do Espírito Santo xa non podían esconder o vivido con El.*

No Evanxeo El deséxalle a paz aos Apóstolos e dálles o Espírito para que sexan as súas testemuñas transmisoras de paz no mundo.

LECTURA DO LIBROS DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Cando se cumpriron os días de Pentecoste, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de todas as nacións da terra. Ao se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanlles uns a outros: "¡Olla!. E todos estes que están aí a falar non son galileos?, E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus".

Palabra do Señor

♪ n° 8 ou 55 *No colo da miña nai* SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

- Paz convosco.

Dito isto, mostroulles as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

- Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

-Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.

Palabra do Señor

(sentad@s)

gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: *Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade de Os Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser a COMUNIDADE que dá unha man para erguer a cantos homes e mulleres se sinten afundidos.*

Celebrante *Agradécémoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante *Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.*

Monitor/a

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar contra todo o que nos aparta de Deus e fire aos irmáns e á terra?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a agresividade e a envexa?

Si, estamos dispostos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos guiar da man do RESUCITADO compartimos o credo dicindo
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,
Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,
sempre atento para dar unha man resucitándonos para mellorar e medrar coidando con responsabilidade a vida cos demais?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra,
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade,
acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres
que en Ucraia se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Pidamos ao pai que nos dea o Espírito prometido por Xesús. Digamos:
Verte o teu Espírito

Monitor/a

- ✓ Verte sobre o mundo o teu Espírito de vida, oremos
- ✓ Verte sobre a Igrexa o teu Espírito de santidad, oremos
- ✓ Verte sobre os poderosos o teu Espírito de caridade e servizo, oremos
- ✓ Verte sobre os pobres o teu Espírito de liberdade e dignidade, oremos
- ✓ Verte sobre os enfermos o teu Espírito de consolo e esperanza, oremos
- ✓ Verte sobre os que reciben os sacramentos o teu Espírito de fortaleza, oremos
- ✓ Verte sobre todos os que te buscan o teu Espírito de sabedoría, oremos
- ✓ Verte sobre a nosa comunidade o teu Espírito de amor, oremos
- ✓ Verte sobre os refuxiados o teu espírito de dignidade, oremos

Celebrante: Envía, Pai, o teu Espírito para que nos encha dos seus dons, como nolo prometeu Xesús Resucitado que vive por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Rezamos xuntos pedindo ao Pai que envíe a súa Igrexa o Espírito do seu Fillo: NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: Xesús envíanos como as súas testemuñas, sendo e dando exemplo de PAZ. Ese era o saúdo do Resucitado. Contaxiemos PAZ a todos nestes momentos de responsabilidade porque non queremos calar tantas e tantas agresividades. Pousemos tamén nas mans de Deus os nosos desexos de paz para Ucraia, para Israel, e tristemente para cada escola de Estados Unidos. Fagámonos cribles.

COMUÑÓN

Celebrante: Na festa de Pentecoste, cincuenta días despois da Pascua, os apóstolos comezan a súa misión de facer comunidade seguindo a forza do Espírito.

Nós compartimos en comunidade esta mesa como signo dunha vida toda ela compartida na fe, na esperanza e no amor. Ditosos nós convidados a esta festa do Espírito e a este pan de vida do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

 **nº 9 ou 58 Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti concediches a túa Igrexa os dons eternos. Conserva en nós a graza que nos deches, para que o Espírito Santo sexa sempre a nosa forza, por Cristo noso Señor. Amén

Hoxe remata a Pascua. A auga do resucitado foinos lembrando que El farta as nosas sedes de evanxeo e nós temos a responsabilidade de ser Vida para os demais.


Tamén a luz do cirio pascual que temos acendido no medio da asemblea ao longo das últimas sete semanas apágase xa; só a acenderemos nalgún dos grandes momentos que afecten a un irmán ou irmá da comunidade: bautizo, primeira comunión, confirmación, enterro. Os que temos descuberto a Cristo na Pascua, temos que ser agora luz para os demais.

Aínda que agora apagamos o cirio pascual, que non se apague a luz da fe que levamos dentro.

 **nº 1 ou 82 A Cristo cantamos**

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



**Bendito ti, Xesús resucitado
coas feridas da lanza e mais os cravos.
Bendito para sempre ti es loado,
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá
e no cantar do paxaro ao espertar.
Bendito na auga fresca e rebuldeira
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece
o duro traballar coa súa anada,
bendito na esperanza que se esforza
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84
do cancionero de Os Cotos)*

PENTECOSTE: “CRISTO ENVÍANOS O SEU ESPÍRITO”

